

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 24 de xaneiro de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 27 de xaneiro de 2017.  
**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*.  
**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de decembro de 2016.
- 2.- Aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2017 do Consorcio de Augas de Valdeorras e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017.
- 3.- Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias do Concello da Gudiña en materia de xestión tributaria e recadación da taxa pola subministración de auga e canon da auga.
- 4.- Moción de Democracia Ourensana relativa ao incremento de ata un 50% na dotación do Plan provincial de obras da Deputación Provincial.
- 5.- Expediente n.º 1/2017 de modificación orzamentaria por suplemento de crédito e crédito extraordinario.
- 6.- Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2017.
- 7.- Aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017.
- 8.- Moción do Grupo Popular para a creación dun mapa provincial de emerxencias.
- 9.- Moción do Grupo Socialista para a protección da saúde da cidadanía fronte ó amianto ou asbesto.
- 10.- Moción do Grupo Socialista instando á reformulación do Convenio marco de cooperación coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión de lodos de fosas sépticas e do Convenio marco de asistencia técnica aos municipios e demais entidades locais para o control e mantemento de depuradoras compactas.
- 11.- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Vilar de Santos para a prestación, por parte da Deputación, en réxime de competencia delegada, do servizo do punto limpo.
- 12.- Aprobación inicial do Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos

concellos, para o cofinanciamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial 2017.

13.- Mocións de urxencia.

### **Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**

14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de decembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de outubro e 1º de novembro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 5º de xuño, 3º de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro de 2016.

15.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,